



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA NOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expte: 2021/G007/000046

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e cincuenta minutos do día nove de decembro de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez e dona Jessica Sabín Fernández e don don Alejandro Antonio García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 1 E FINAL DA OBRA DO CONTRATO MENOR: “MELLORA NA PLATAFORMA EN FERREIRAS PARA HABILITAR APARCAMENTO E DA CORRESPONDENTE FACTURA.- PROPOSTA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA”

“Vista a Resolución do 13 de setembro do 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, o Decreto 595/2021 resolveu solicitar a devandita subvención (...) para a actuación que se pretende executar, denominada MELLORA DE PLATAFORMA EN FERRERÍAS PARA HABILITAR APARCAMENTO por importe de 30.000 IVE engadido (...), así como (...) aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos (...) na mesma.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Valdoviño en sesión ordinaria celebrada o 28 de outubro do 2021 acordou os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a memoria MELLORA DE PLATAFORMA EN FERRERÍAS PARA HABILITAR APARCAMENTO presentada en data 30 de setembro do 2021 por Miguel Ángel Fernández Rivera, Enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado núm. 27.796.

Segundo.- Nomear como Director de obra e Coordinador de Seguridade e Saúde a Miguel Ángel Fernández Rivera, Enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado núm. 27.796.

Terceiro.- Adxudicar a empresa José No Martiñán e Hijos Construcciones S.A. con C.I.F. núm. A15013162 a obra MELLORA DE PLATAFORMA EN FERRERÍAS PARA HABILITAR APARCAMENTO polo importe de 30.000 euros (IVE engadido).

Cuarto.- Autorizar e comprometer o gasto derivado da adxudicación da obra indicada con cargo a aplicación orzamentaria 1532 63100.

Quinto.- Publicar o contrato menor na forma prevista no artigo 63.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, (...).

En data 11 de novembro do 2021 foi inxerida no rexistro de contabilidade a factura 2021/2988 do emisor José No Mantiñán e Hijos, Construcciones S.A. con C.I.F. núm. A15013162 baixo a descrición Factura correspondente aos traballos finalizados das obras do contrato menor MELLORA DE PLATAFORMA EN FERRERÍAS PARA HABILITAR APARCAMENTO por importe de 30.000,00 € (IVE engadido).

Visto o Informe de Intervención EMP 98/2021 con resultado favorable, datado o 7 de decembro do 2021.

En virtude das atribucións conferidas pola da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo
PROPOÑO

Primeiro.- Aprobar a Certificación de Obra 1 e final da Obra MELLORA DE PLATAFORMA EN FERRERÍAS PARA HABILITAR APARCAMENTO asinada polo Contratista José No Mantiñán e Hijos, Construcciones S.A. con C.I.F. núm. A15013162 e o Director de obra Miguel Ángel Fernández Rivera en data 23 de novembro do 2021.

Segundo.- Recoñecer a obriga correspondente a facturación cuxa contía ascende á cantidade de 30.000,00 € en concepto de Factura correspondente aos traballos finalizados das obras do contrato menor MELLORA DE PLATAFORMA EN FERRERÍAS PARA HABILITAR APARCAMENTO emitida por José No Mantiñán e Hijos, Construcciones S.A. con C.I.F. núm. A15013162.

Terceiro.- Ordenar o correspondente pagamento da devandita relación de facturas por importe de 30.000,00 € ao terceiro José No Mantiñán e Hijos, Construcciones S.A. con C.I.F. núm. A15013162 en concepto Factura correspondente aos traballos finalizados das obras do contrato menor MELLORA DE PLATAFORMA EN FERRERÍAS PARA HABILITAR APARCAMENTO.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada á marxe.

A Xunta de Goberno Local, aprobou, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros a proposta de Alcaldía que antecede.

2º.- SOLICITUDE AMPLIACIÓN PRAZO EXECUCIÓN DE OBRA: “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE.- Expte.: 2018/C003/00001

Dáse conta á Xunta de Goberno Local de que en data 02.12.21 e con núm. de rexistro 202199900001845, don José Ramón Pedrosa Jiménez, actuando en representación da empresa “GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL”, NIF B-36495604, presenta escrito de petición de prórroga por prazo de UN MES para a execución da obra “Proxecto básico e de execución modificado 1. Campo de fútbol de céspede artificial no campo de fútbol municipal de Mourente, da que dita empresa é adxudicataria.

Xustifica a súa petición debido a que por circunstancias axenas á empresa, producirase un retraso na execución da obra, pois non resulta adecuado realizar a carga de céspede artificial con caucho e area de sílice nen a marcaxe das liñas de xogo en condicións meteorolóxicas actuais.

CONSIDERANDO que o artigo 195.2 da LCSP dispón que: *“En caso de retraso en la ejecución por motivos no imputables al contratista, y si éste ofreciese cumplir sus compromisos si se le amplía el plazo inicial de ejecución, el órgano de contratación se lo concederá, dándole un plazo que será, por lo menos, igual al tiempo perdido, a no ser que el contratista pidiese otro menor”*.

Considerando os antecedentes descritos e os preceptos de aplicación, se deduce que quedan acreditados os requisitos necesarios para a concesión da prórroga solicitada,

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros **ACORDOU:**

Primeiro.- Acceder á petición formulada e así pois, aprobar a ampliación de prazo solicitado de un mes na execución das obras, sendo a nova data de remate da obra o 8 de xaneiro de 2022.

Segundo.- Notificar o acordo á adxudicataria “GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL” así como ao Director da Obra, para o seu coñecemento e efectos.

3º.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A ENTIDADE CLUB NAÚTICO FOLIXA PARA COLABORACIÓN ECONÓMICA DE SUFRAXIO GASTOS DA ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN CAMPEONATO XTREME PANTÍN 2021 KAYAKSURF E WAVESKI DURANTE O ANO 2021.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A ENTIDADE

ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO CLUB NÁUTICO FOLIXA PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO AOS EFECTOS DE SUFRAGAR GASTOS QUE DERIVEN DA ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DO CAMPIONATO XTREME PANTIN 2021 KAYAKSURF E WAVESKI DURANTE O ANO 2021 E AUTORIZAR O GASTO QUE DERIVA DAS AXUDAS PREVISTAS NAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO:

“Vista a base número 26 das bases de execución do orzamento do ano 2021 se contemplan unha serie de axudas para a organización de actividades/eventos por medio de subvención nominativa con cargo á aplicación orzamentaria 341.48900 ao seguinte clube e polo importe que se detallan a continuación:

CAMPIONATO XTREME PANTIN 2021 KAYAKSURF E WAVESKI por importe de 2.000 €

Visto o informe elaborado pola intervención, de fiscalización previa da proposta, na que deixa constancia da existencia de crédito.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía PROPÓN

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración que se acompaña aos efectos de colaborar economicamente aos efectos de sufragar os gastos que derivan da organización e celebración do campionato Xtreme Pantin 2021 Kayaksurf e Waveski durante o ano 2021, establecemento os dereitos e obrigas das partes e que se reproduce de seguido.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A ENTIDADE ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO CLUB NÁUTICO FOLIXA PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO AOS EFECTOS DE SUFRAGAR GASTOS QUE DERIVEN DA ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DO CAMPIONATO XTREME PANTIN 2021 KAYAKSURF E WAVESKI DURANTE O ANO 2021.

En Valdoviño, a 13 de decembro de 2021

REUNIDOS

Dunha a parte, Alberto González Fernández con D.N.I. núm. 32.646.716-X, Alcalde do Concello de Valdoviño, en nome e representación da entidade local. Doutra parte, Iván Pena Martínez con D.N.I. núm. 76.416.905-A Presidente do Clube Náutico Folixa con C.I.F. núm. G15440969 en nome e representación de dita entidade.

MANIFESTAN

Que ambas partes teñen capacidade plena para levar a cabo o presente convenio.

Que o Concello de Valdoviño poderá conceder subvencións con cargo aos créditos consignados no orzamento.

Que é unha actividade de fomento para favorecer a realización das actividades deportivas.

Por todo o exposto, acórdase formalizar o presente convenio de colaboración baixo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Fundamento Legal. O artigo 22.2. a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que poderán concederse de forma directa subvencións previstas nominativamente (...) nos orzamentos das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

A efectos do establecido no parágrafo anterior, o obxecto desta subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.

Segunda.- Obxecto e período de vixencia do convenio.

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración económica do Concello de Valdoviño para financiar os gastos que derivan da organización e celebración do Campionato Xtreme Pantin 2021 Kayak Surf e Waveski durante o ano 2021.

A duración do convenio exténdese ata o remate do prazo de xustificación da axuda, finalizando sempre antes do remate do 30 de decembro de 2021.

Terceira.- Contribución económica.

O Concello de Valdoviño comprométese a destinar para esta finalidade a cantidade máxima de 2.000,00 euros con cargo ao orzamento para o ano 2021, con cargo á aplicación orzamentaria 341.48900. A dita cantidade debe destinarse única e exclusivamente ao financiamento dos gastos correntes que orixine a organización e celebración do Campionato Xtreme Pantin 2021 Kayak Surf e Waveski durante o ano 2021.

Desta cantidade máxima o setenta e cinco por cento será aboado unha vez se teña asinado o convenio, previa presentación da documentación requirida, e o vinte e cinco por cento restante será aboada unha vez se xustifique o gasto realizado, conforme se determina na cláusula sexta. Establécese a compatibilidade con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados que poida percibir o beneficiario. Non obstante, o importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados que poida percibir o beneficiario superen o custo da actividade a desenvolver.

Cuarta.- Documentación. Para a plena efectividade do presente convenio, deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Acreditación da personalidade do beneficiario mediante a presentación da fotocopia cotexada do CIF da entidade.
- b) Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación da fotocopia cotexada do DNI da persoa que vai subscribir o presente convenio.
- c) Copia compulsada do documento constitutivo e estatutos da dita entidade, así como certificación acreditativa dos cargos da dita entidade.
- d) Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- e) Declaración xurada de se foron solicitadas ou non subvencións para a mesma finalidade procedentes das distintas Administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
- f) Declaración xurada de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral, e en concreto, co Concello de Valdoviño, e coa Seguridade Social.
- g) Declaración responsable de non estar incurso a entidade nin a súa representación en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- h) Certificación dos datos bancarios da entidade.
 - i) Solicitude de pago do importe anticipado e declaración de compromiso de xustificación no prazo de 3 meses dende a data da concesión da axuda , e en todo caso antes do 30 de decembro de 2021, por parte de perceptor nos termos previstos nas presentes Bases.

En todo caso, a antedita documentación deberá constar no momento da sinatura do presente convenio, non sendo necesaria a presentación da documentación establecida nos apartados A, B e C , si xa obra no Concello, con motivo da inscrición no rexistro de Asociación, e en todo caso farase constar, mediante declaración que os datos e documentación presentada para a inscrición non teñen variado.

Quinta.- Obrigas do beneficiario. Son obrigas do beneficiario:

- a) Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.
- b) En toda a publicidade que realicen para a promoción de dito evento debe figurar en lugar perfectamente visible e preferente o escudo do Concello de Valdoviño, aos efectos de que conste a colaboración económica prestada.
- c) Xustificar ante o Concello de Valdoviño o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e da finalidade que determina a concesión da subvención.
- d) No momento do pago do importe anticipado e con carácter previo a este, declaración de compromiso de xustificación no prazo de 3 meses dende a data da concesión da axuda , e en todo caso antes do 30 de decembro de 2021, por parte de perceptor nos termos previstos nas presentes Bases.
- e) Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando tanta información lles sexa requirida no exercicio das ditas actuacións
- f) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- g) Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Sexta.- Xustificación e pagamento. O pagamento da subvención efectuarase en dous momentos mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para tal efecto polo beneficiario, o primeiro pago do 75 %, unha vez asinado o convenio (ó tratarse de subvención prepable parcialmente), e o segundo pago, do 25%, unha vez se aprobe a xustificación da axuda . Aos efectos de efectuar o ingreso do importe anticipado non se require a constitución de garantía algunha, dado o importes das axudas.

Unha vez realizada a actividade subvencionada, o beneficiario deberá presentar a xustificación coa maior brevidade posible e, en todo caso, antes do 30 de decembro de 2021. O importe dos gastos xustificativos deberá ser, como mínimo, o importe da cantidade asignada neste convenio. En caso de non xustificar o importe total do convenio verase reducido proporcionalmente o importe a percibir.

Para a xustificación das cantidades asignadas deste convenio, deberá presentarse a seguinte documentación

- a) Certificación que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención, presentando algún tipo de proba.

b) Certificación que acredite que non se obtivo ningunha outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, ou, polo contrario, onde conste unha relación detallada doutras subvencións ou axudas concedidas para a mesma finalidade.

c) Certificados emitidos pola AEAT, Xunta de Galicia e Seguridade Social na que se acredite estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

d) Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas dos gastos orixinados pola realización das actividades obxecto da subvención. As ditas facturas deberán cumprir os requisitos esixidos polo Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación e os conceptos das mesmas deberán especificar claramente que se refiren a gastos específicos derivados da organización e celebración do Campionato Xtreme Pantin 2021 Kayak Surf e Waveski durante o ano 2021. Achegaranse tamén xustificantes de transferencias bancarias aos provedores, co selo da entidade financeira, aos efectos de que quede acreditado a efectividade dos pagamentos.

e) Acreditación de ter dado publicidade a colaboración económica do concello.

Mediante unha resolución da Alcaldía acreditarase o cumprimento da finalidade, que constitúe o obxecto do presente convenio, procedéndose á aprobación da xustificación presentada polo beneficiario.

Sétima.- Incumprimento. No caso de que o beneficiario do presente convenio non acredite fidedignamente o cumprimento da finalidade deste, ou non realice o obxecto que determina a concesión da axuda, procederá o reintegro do importe anticipado.

Oitava.- Natureza. O presente convenio ten natureza administrativa. Os acordos que se adopten en base ao mesmo porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante xurisdición contencioso administrativa.

Novena.- Sometemento.

Polo Tribunal de Contas, e someterase ás responsabilidades e ao réxime sancionador da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décima.- Interpretación

Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución o obxecto do convenio, aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

E en proba da súa conformidade asinan o presente convenio por triplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández

O representante do ente beneficiario:

Asdo.: D. Iván Pena Martínez

SEGUNDO.- Autorizar o gasto a día de hoxe unha vez se da inicio ao expediente de subvención nominativa a conceder entidade mencionada para sufragar os gastos de realización do campeonato Xtreme Pantín 2021 Kayaksurf e Waveski durante o ano 2021.

TERCEIRO.- Dar conta deste acordo á entidade interesada e requiririlles para que compareza o seu representante coa documentación que se establece no propio convenio para asinar o mesmo.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández”.

A Xunta de Goberno Local, aprobou, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros a proposta de Alcaldía que antecede.

4º.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO AOS EFECTOS DE SUFRAGAR GASTOS QUE DERIVEN DAS ACTIVIDADES QUE SE REALICEN DURANTE O ANO 2021 E AUTORIZAR O GASTO QUE DERIVA DAS AXUDAS PREVISTAS NAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

Proposta de Alcaldía:

“Vista a base número 26 das bases de execución do orzamento do ano 2021 se contemplan unha serie de axudas para a organización de actividades/eventos por medio de subvención nominativa con cargo á aplicación orzamentaria 130.489.00 ao seguinte clube e polo importe que se detallan a continuación:

AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO por importe de 10.000 €

Visto o informe elaborado pola intervención, de fiscalización previa da proposta, na que deixa constancia da existencia de crédito. En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía PROPÓN

Primeiro.- Aprobado o convenio de colaboración que se acompaña aos efectos de sufragar os gastos que deriven das actividades que se realicen durante o ano 2021, establecemento os dereitos e obrigas das partes e que se reproduce de seguido.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO AOS EFECTOS DE SUFRAGAR GASTOS QUE DERIVEN DAS ACTIVIDADES QUE SE REALICEN DURANTE O ANO 2021

En Valdoviño, a 13 de decembro de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, Alberto González Fernández con D.N.I. núm. [REDACTED] Alcalde do Concello de Valdoviño, en nome e representación da entidade local. Doutra parte, Francisco Dopico Amado con D.N.I. núm. [REDACTED] en nome e representación da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil de Valdoviño, en calidade de Presidente da mesma.

MANIFESTAN

Ámbolos dous interveñen en representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, recoñecéndose reciprocamente as partes intervincentes a necesaria capacidade xurídica e lexitimación para convir e subscribir o presente convenio, conforme as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- É obxecto do presente convenio fixar un marco de colaboración económica entre o Concello de Valdoviño e a Agrupación Municipal Voluntarios do mesmo concello (AVPC, en adiante), toda vez as funcións a desenvolver pola dita Agrupación determina a posibilidade de que nesta entidade local se presten servizos de protección civil e que se poida actuar inicialmente ante calquera situación de emerxencia que se detecte coa máxima celeridade e profesionalización, tal e como se establece no artigo 25 da Lei 7/1985, do 4 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 10 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, toda vez o Concello non ten un servizo municipal propio de protección civil e de xestión de emerxencias, por non resultar obrigatorio segundo a normativa citada para os concellos de menos de 20.000 habitantes, e ser imposible o sostemento económico do citado servizo.

Segunda.- En virtude das tarefas desenvolvidas pola AVPC, visto o intereses xeral dos veciños/as que se van a prestar e conforme o artigo 49.f) da Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, o Concello de Valdoviño comprométese a axudar economicamente a dita entidade mediante a consignación dunha axuda nominativa nos orzamentos xerais do ano 2021. Así, en concreto na base de execución nº 26 establécese unha axuda de 10.000 € a favor da dita entidade para sufragar gastos referidos a gastos de mantemento como son os que derivan ou derivarán do pagamento do seguro de cobertura de riscos de accidentes, responsabilidade civil, de vehículos, correos, vestimenta, mantemento programa de xestión AVPC, gastos postais, adecuación de local, material sanitario e outro material funxible necesario para o funcionamento da AVPC, o dito importe atópase consignado na aplicación orzamentaria 130.489.00.

Terceira.- Tal subvención servirá para financiar os gastos correntes relacionados co mantemento da AVPC, nos que incorra entre 1 de xaneiro de 2021 e 31 de decembro de 2021, sempre e cando non se perciban outras axudas (públicas ou de entidades privadas) para o mesmo fin, que sumadas á concedida polo concello determinen un importe superior ao gasto realizado. A subvención poderá acadar ata o 100% do custo que se xustifique mediante gasto realizado (xustificando tamén o pagamento) para os fins indicados.

Cuarta.- A AVPC comprométese a destinar o importe da cantidade recibida á finalidade prevista no presente convenio, e a colaborar coas autoridades competentes na realización de tarefas relacionadas coa protección civil.

Quinta.- Conforme o artigo 51.4 do Decreto 56/2000, de 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, a vinculación dos voluntarios da AVPC co Concello de Valdoviño (...) no terá carácter de relación laboral, administrativa, funcionarial ou mercantil, sino tan solo de colaboración voluntaria para a prestación de servizos de maneira altruísta como medio de realización de accións humanitarias e de solidariedade social.

Sexta.- A AVPC deberá cumprir os de requisitos establecidas no artigo 51 do Decreto 56/2000 de 3 de marzo para o persoal voluntario

1. Terán a condición de voluntarios de protección civil todas aquelas persoas físicas que con carácter altruísta se comprometan a colaborar cos servizos de protección civil, integrándose nunha AVPC.

2. Só poderán ser voluntarios de protección civil as persoas maiores de idade. Os maiores de 16 anos e menores de 18 só poderán figurar como voluntarios de apoio, sempre que conste a autorización do que exerza a patria potestade ou a tutela.

3. Os voluntarios de protección civil non terán a condición de autoridade e actuarán por orde e baixo a dependencia de quen teña atribuída esa función colaborando cos servizos públicos correspondentes.

4. A vinculación dos voluntarios coa agrupación na que se integren non terá o carácter de relación laboral, administrativa, funcionarial ou mercantil, senón tan só de colaboración voluntaria para a prestación de servizos de maneira altruísta como medio de realización de accións humanitarias e de solidariedade social.

5. As AVPC poderán establecer requisitos de acceso para os seus voluntarios, sen que en ningún caso poidan facerse discriminacións por razóns de sexo, políticas, ideolóxicas, relixiosas ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

6. Con carácter xeral, a condición de voluntariado dunha AVPC poderá ser:

a) Operativo, cando pola súa idade, maior de dezaioito anos, e aptitude psicofísica, poida realizar con normalidade calquera actividade relacionada coa protección civil. Un voluntario na súa condición de operativo non poderá formar parte máis que dunha soa AVPC.

b) De apoio, cando ben pola súa idade, menor de dezaioito anos e maior de dezaseis anos, e/ou aptitude psicofísica, soamente poida efectuar determinados labores de axuda e colaboración co voluntario operativo, fundamentalmente de apoio loxístico.

c) Honoríficos, todas aquelas persoas que durante o transcurso da súa vida realizaron actuacións heroicas e/ou actos sobresaíntes en materia de protección civil no seo desa agrupación.

7. Os voluntarios só poderán pertencer a unha AVPC sen prexuízo de realizar tarefas de voluntariado noutras por tempo determinado se así o autorizasen as agrupacións afectadas. Neste senso, é preciso recordar os deberes dos voluntarios no exercicio do seu labor de colaboración que enuncia o artigo 53 do citado Decreto 56/2000 de 3 de marzo

a) Gardar, cando proceda, confidencialidade da información recibida e coñecida durante o desenvolvemento da súa actividade como voluntario de protección civil.

b) Rexeitar calquera tipo de contraprestación económica que puidese recibir dos cidadáns afectados directa ou indirectamente polas actividades desenvolvidas.

c) Actuar de forma dilixente e solidaria, cumprindo coas indicacións e normas ditadas polos seus mandos naturais e as autoridades de protección civil.

d) Participar nas tarefas formativas previstas pola autoridade competente de protección civil ou pola AVPC, así como nas que con carácter permanente se precisen para mantela calidade das prestacións.

e) Empregar axeitadamente a vestimenta de protección civil cos seus distintivos, así como levar ben visible a súa acreditación.

f) Coidar e utilizar de xeito adecuado os recursos e medios materiais que poña á súa disposición a AVPC, ou, de se-lo caso, as autoridades de protección civil.

g) Devolverlle a tarxeta de identidade e o uniforme ó responsable da AVPC, así como o material asignado á súa custodia, no caso de causar baixa nela por calquera circunstancia.

A AVPC debe contar con un seguro de accidentes así como de responsabilidade civil por danos a terceiros que ampare aos seus membros fronte aos riscos que están sometidos no exercicio das funcións descritas e a dita agrupación debe estar inscrita no rexistro de protección civil da Comunidade Autónoma.

Sétima.- Antes da adopción do acordo de outorgamento da subvención, a AVPC deberá presentar a solicitude acompañada da seguinte documentación:

- 1.- Copia compulsada do CIF da AVPC e do regulamento da dita AVPC, así como o xustificante de inscrición no rexistro de protección civil da Comunidade Autónoma.
- 2.- Certificados emitidos polo Secretario/Secretaria da AVPC que acredite quen son os membros da Xunta Xestora, e especificamente que ostenta a representación da mesma aos efectos da sinatura do convenio.
- 3.- Declaración responsable, asinada polo representante legal da entidade no seu nome, de non estar (nin a entidade nin os seus representantes) en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas, unida á declaración de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias (autonómicas, estatais e locais) e de Seguridade Social (art. 14.1.e) LXS).
4. – Relación dos gastos (conceptos e importes) nos que prevé incorrer e ingresos que prevé recibir para o mantemento da AVPC.
- 5.- Declaración responsable do conxunto das subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e período obxecto de subvención. A estes efectos, indícase que esta subvención, dende o puntos de vista do Concello, é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, sempre que, en ningún caso, a súa contía, engadida á da subvención outorgada polo Concello, supere o custe da actividade subvencionada.
- 6.- Declaración responsable en nome da AVPC, comprometéndose a presentar xustificación da axuda conforme se determina na cláusula seguinte.
- 7.- Certificado referido ao carácter deducible ou non do IVE que lle é repercutido polos gastos subvencionados.

O pagamento da subvención efectuarase mediante ingreso na conta bancaria sinalada a tal efecto polo beneficiario, unha vez sexa asinado o convenio e ao tratarse dunha subvención prepagable na súa totalidade, indicar que antes da xustificación da subvención polo beneficiario, non se require constitución de aval algún ao beneficiario en garantía do anticipo.

Oitava.- A AVPC deberá presentar no prazo de 3 meses, a contar dende o día seguinte á notificación da concesión da axuda ou pago efectivo da mesma, podándose solicitar ampliación do prazo de xustificación motivada, ata a data de vixencia do convenio (31-12-2021), a seguinte documentación xustificativa do emprego da subvención outorgada:

- 1.- Conta xustificativa (relación de facturas con conceptos e importes que se presentan coma xustificación da subvención), e copias compulsadas de facturas orixinais, axeitadas ao establecido no RD 1619/2012, previamente a compulsas farase constar nos orixinais, mediante dilixencia nas mesmas, que se corresponden con gasto subvencionados polo concello, quedando as copias compulsadas no expediente, unha vez dilixenciadas, aos efectos dun control de concorrencia de subvencións. Tamén deberán presentarse xustificantes dos pagamentos realizados a través de transferencias bancarias aos provedores co selo da entidade financeira, ou con código de verificación, ou coa copia do cheque nominativo emitido e xustificante do seu cargo na conta acreditando pola entidade financeira do mesmo xeito. A chegarase tamén unha memoria das actuacións realizadas, firmada en todas as follas, e declarando o cumprimento da finalidade da axuda.
- 2.-Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social, e declaración de non ter percibido/solicitado outras axudas para o mesmo fin, ou declaración de que as solicitadas/concedidas non superan o total do gasto realizado.
- 3.-Xustificación de ter dado publicidade á colaboración económica do concello, ben por medios escritos, Internet ou mediante fotografía correctamente testemuña da publicidade da subvención percibida do Concello pola entidade beneficiaria, aos efectos da necesaria publicidade da mesma (art. 18.4 LXS). Se a documentación xustificativa achegada, non se

presenta completa e correcta, conforme ao establecido neste convenio e na Lei Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento, efectuarase requirimento outorgando prazo non inferior a 10 días, nin superior a un mes para emendar os defectos observados. Transcorrido o dito prazo sen recibirse a emenda da documentación, procederase a incoación do expediente de reintegro, este expediente poderá ser polo total, no caso de non xustificarse a realización de ningún gasto, de xustificarse inadecuadamente ou, tamén poderá ser parcial, no caso de que polo órgano competente se considere que queda acreditada a realización da actividade, por xustificarse algún gastos pero que non acade o importe subvencionado.

Cuestións Adicionais.-

A AVPC, sométese ás actuacións de comprobación e control que realice o órgano local competente ou a Intervención do Concello, estando obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida por eles no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003. Igualmente de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a AVPC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leve a cabo dito órgano de control externo, e no seu caso ao disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións do presente convenio ou requirimentos de xustificación que poida facer a Intervención ou o órgano municipal competente.

O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2020.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha comisión integrada por un representante de cada unha das partes asonantes, nomeados polo Presidente do Concello e polo órgano estatutariamente competente da AVPC.

Son causas de resolución do presente convenio a renuncia de calquera das partes e/ou o incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calquera dos asinantes. Dada a natureza xurídico pública do presente convenio, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do mesmo, serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.

As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo e sométense ao mesmo, ás bases de execución do Orzamento Xeral do Concello de Valdoviño (que a AVPC declara coñecer), e á normativa de aplicación na materia

E en proba da súa conformidade asinan o presente convenio por triplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O alcalde:

Asdo.: Alberto González Fernández.

O representante da entidade beneficiaria:

Asdo.: Francisco Dopico Amado.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto a día de hoxe unha vez se da inicio ao expediente de subvención nominativa a conceder entidade mencionada para sufragar os gastos que deriven das actividades que se realicen durante o ano 2021.

TERCEIRO.- Dar conta deste acordo á entidade interesada e requirirlles para que compareza o seu representante coa documentación que se establece no propio convenio para asinar o mesmo.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández”.

A Xunta de Goberno Local, aprobou, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros a proposta de Alcaldía que antecede.

FÓRA DA ORDE DO DIA

A Presidencia presenta fóra da Orde do Día o asunto que de seguido se detalla, motivando a urxenza na necesidade de non retardar a tramitación dos expedientes que se relacionan no texto do convenio, para os cales se require de informe técnico.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade aproba a u xenza, polo que se inclúe o asunto na Orde do Día:

.- APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E O CONCELLO DE CURTIS PARA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS POR PARTE DA ARQUITECTA TÉCNICA DE CURTIS.-

Vista a necesidade de contar con técnico municipal para a emisión de informes a efectos de resolución de expedientes e Visto o texto do borrador do convenio que se reproduce literalmente, **a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CURTIS E O CONCELLO DE VALDOVIÑO PARA A PRESTACION DOS SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS POR PARTE DA FUNCIONARIA DO CONCELLO DE CURTIS

No Concello de Valdoviño a de decembro de 2021

REUNIDOS:

O alcalde do Concello de Curtis, Javier Francisco Cainzos Vázquez e o alcalde do Concello de Valdoviño, Alberto González Fernández.

En nome e representación dos seus referidos Concellos, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécese capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:

Primeiro.- O artigo 209 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia establece que:

“1. De acordo co principio de colaboración interadministrativa, o persoal funcionario propio dunha entidade local poderá realizar funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local.

Para iso, as entidades interesadas deberán formalizar o oportuno convenio, que especificará:

- a) O ámbito de aplicación.*
- b) Os servizos aos que afectará a realización de funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local.*
- c) O persoal asignado aos devanditos servizos.*

d) *As funcións e tarefas a desenvolver polo persoal afectado.*

2. *No expediente deberá constar a conformidade do persoal afectado, que manterá en todo caso a súa relación funcional coa entidade local á que pertenza.”*

Segundo.- O artigo 25 da LRBRL establece que:

“1. O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

2. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: plan, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sostibilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.”

Terceiro.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación.

Nesta liña e dada o actual escenario económico que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades.

Cuarto.- Por outra banda é necesario que ás Administracións Públicas promovan actuacións tendentes a colaboración administrativa, posibilitando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Quinto.- Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedimento administrativo común das administracións públicas, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Sexto.- Por todo o anterior, os concellos asinantes acordan que a funcionaria do Concello de Curtis, Olivia Souto Freiria, preste colaboración técnica co Concello de Valdoviño e realice os informes técnicos nos expedientes que se tramiten no Concello de Valdoviño relacionados con D. Marcos Iban Argüeso Castelos y D. Gustavo A. Piñón Carro.

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento para que a técnica municipal de urbanismo, funcionaria interina do Concello de Curtis, realice os informes técnicos nos expedientes que se tramiten no Concello de Valdoviño, expedientes relacionados con D. Marcos Iban Argüeso Castelos y D. Gustavo A. Piñón Carro.

Segunda.- Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación deste convenio será o correspondente o Concello de Curtis e o Concello de Valdoviño.

Terceira.-Funcións e tarefas no ámbito territorial do Concello de Valdoviño

A funcionaria realizará os informes técnicos nos expedientes que se tramiten no Concello de Valdoviño relacionados con D. Marcos Iban Argüeso Castelos y D. Gustavo A. Piñón Carro.

Cuarta: Procedemento para a colaboración e para a emisión dos informes

A tramitación dos expedientes administrativos realizaranse na plataforma informática TEDEC do que o seu mantemento e formación e tramitación de permisos de usos correspondéndolle a Deputación da Coruña. A remisión dos informes realizarse preferentes en formato dixital e sinatura electrónica vía TEDEC.

Quinta.-A Comisión Mixta. Coordinación

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituírse unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por un representante de cada concello, á que poderán asistir técnicos ou funcionarios dos mesmos que en cada caso se estime convinte. Requirirase a asistencia dun funcionario para que levante acta da sesión.

A Comisión Mixta reunirse como mínimo, unha vez o ano para o seguimento da xestión do servizo e no caso que se plantexen algunha dúbida o aclaración en relación co obxecto do convenio.

Sexta.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Denuncia unilateral con aviso previo de dous meses ou mutuo acordo.
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións do convenio.

Sétima.- Vixencia do Convenio

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia durante un ano.

Oitava. - Natureza do Convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e ás discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando ás partes suxeitas á xurisdición contencioso administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Novena.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

Décima. Xurisdición competente

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta e en caso de non chegar a un acordo ás partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dous tribunais do orde xurisdiccional contencioso administrativo.

Undécima .- Financiamento

Dado que o volume de traballo é variable ao longo do ano e non se pode establecer un número de horas determinado de traballo, o custe a achegar polo Concello de Valdoviño será o correspondente ás retribucións que o posto ten asignadas, en proporción ás horas traballadas. A funcionaria que

preste servizos deberá presentar mensualmente declaración xurada das horas e dos traballos realizados, que deberá ser conformada polo responsable da área do Concello de Valdoviño.

O Concello de Curtis abonará a cantidade mensual resultante recibida na nómina da traballadora ao final de cada mes.

O Concello de Valdoviño deberá transferir con carácter mensual a cantidade que lle corresponda ao concello de Curtis. Con carácter excepcional realizase unha liquidación os últimos quince días de decembro de 2021, para poder realizar liquidacións que coincidan co mes natural de cada ano.

Duodécima.- A funcionaria interina, Olivia Souto Freiría, deberá realizar o traballo correspondente ao Concello de Valdoviño fóra da súa xornada habitual de traballo no Concello de Curtis, sen que esta se poida ver alterada por esta colaboración.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan non encabezamento.

O Alcalde do Concello de Curtis
Javier Francisco Cainzos Vázquez

O Alcalde do Concello de Valdoviño
Alberto González Fernández

A Secretaría-Interventora do Concello de
Curtis

A Secretaría do Concello de Valdoviño

Rosa María Buján Ordoñez

Carlota González Navarro

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Concello de Curtis, ao negociado de persoal e aos servizos económicos do Concello de Valdoviño, para o seu coñecemento e efectos.

PARTE ACTIVIDADE

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non houbo rogos e preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo as dez horas e vinte minutos a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; da que, coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/